

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

EXTRACTO da Orde do 20 de maio de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras do IV Premio CGAC de investigación e ensaio sobre arte contemporánea, e se convoca para o ano 2021 (código de procedemento CT143A).

BDNS (Identif.): 567614.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3 b) e 20.8 a) da Lei 38/2003, do 11 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans>).

Primeiro. *Beneficiarias*

Pode participar no Premio CGAC de investigación e ensaio sobre arte contemporánea, calquera persoa física, maior de idade, que presente un texto inédito en galego, relacionado con labores de investigación e produción de pensamento en arte contemporánea.

Segundo. *Obxecto e finalidade*

Tendo en conta a escaseza actual de canles especializadas en Galicia para publicar textos sobre arte contemporánea, o Premio CGAC de investigación e ensaio sobre arte contemporánea, ten por obxecto contribuír á investigación e produción de pensamento en arte contemporánea a través da presentación de traballos que sexan inéditos e redactados en lingua galega.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 20 maio de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras do IV Premio CGAC de investigación e ensaio sobre arte contemporánea, e se convoca para o ano 2020 (código de procedemento CT143A) (<http://cgac.xunta.gal/>).

Cuarto. *Contía*

Outorgarase un só premio por un importe de tres mil euros (3.000,00 €).



Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes finaliza o 30 de setembro de 2021. Con todo, se o período de presentación resulta inferior a un mes, as solicitudes poderán presentarse no prazo dun mes para partir do día seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2021

O conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

P.D. (Orde do 9.2.2021)

Manuel Vila López

Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

